

1. Título do proxecto

Programa **MA\CO**
Picasso, de Málaga a Coruña..



2. Resumo

Este programa educativo nace coa vocación de irmandar ás Escolas de Arte e Superiores de Deseño situadas en A Coruña e Málaga, cidades fundamentais na vida e obra de Pablo Picasso. Natural de Málaga, comezou a pintar baixo a tutela do seu pai, profesor na Academia de Belas Artes de San Telmo.

Cando o neno estaba a piques de cumprir dez anos, a familia trasladouse á cidade da Coruña, onde Picasso iniciou a súa formación artística na Escola Provincial de Belas Artes de Coruña, da que a EASD Pablo Picasso é herdeira. Estudou neste centro de ensino durante tres cursos (1892-1893, 1893-1894 e 1894-1895) e recibiu ensinamentos do seu pai e de profesores galegos como Isidoro Brocos ou Román Navarro. Obtivo cualificacións extraordinarias e converteuse, a pesar da súa curta idade, nun dos alumnos máis destacados da escola. Cando contaba con 13 anos, o seu pai trasladouse a Barcelona e con el marchouse o resto da familia.

Co gallo da conmemoración do 50 aniversario do seu falecemento, o Concello da Coruña, coa colaboración da EASD Pablo Picasso e a EASD San Telmo, programou unha serie de actividades formativas e visitas turísticas que se desenvolverán en ambas as cidades e que terá como protagonistas ao alumnado de ambos os centros a través dun programa de intercambio.

Deste xeito, en cada unha das sedes organizaranse talleres de creación artística, co obxectivo de mostrar en senllas exposicións os traballos realizados por parte do alumnado. Ademais, levarán a cabo diversas charlas sobre a figura de Picasso, tanto sobre a súa faceta como estudante como da súa traxectoria artística, e, por último, os participantes terá a oportunidade de percorrer os lugares picassianos máis emblemáticos a través dun a ruta guiada por un especialista.

Organiza



Colaboran



3. Especialidades académicas implicadas no desenvolvemento do proxecto

EASD Pablo Picasso

- EEAASS Deseño gráfico.
- EEAASS Deseño de Interiores.
- EEAAPP Dourado, prateado e policromía.
- EEAAPP Escultura aplicada ao espectáculo.
- EEAAPP Fotografía.
- EEAAPP Ilustración.
- EEAAPP Taller de cerámica.
- EEAAPP Taller de madeira.

EASD San Telmo

- EEAAPP Ilustración.

4. Xustificación

O Concello da Coruña promove el Programa **MA\CO** para difundir e exaltar a relevancia da cidade galega na biografía de Picasso. É na urbe herculina onde inicia os seus estudos académicos e onde realiza as súas primeiras exposicións, recibidas con grandes eloxios por uns críticos que lle prognostican “días de gloria e un porvir brillante”. Algunhas das súas primeiras obras mestras, como *O home da gorra* ou *A rapariga dos pés descalzos*, realízaas nas aulas da antiga Escola de Belas Artes, da que a EASD Pablo Picasso é herdeira e que naquel entón compartía edificio co Instituto de Segundo Ensino (actual IES Eusebio da Guarda).

Ademais, o programa destaca o traballo formativo que se desenvolve nas Escolas de Arte, servíndose do exemplo da figura internacional dun artista tan representativo para ambas as cidades. O Programa MA\CO pretende, en definitiva, ampliar os contidos curriculares das especialidades formativas de cada escola, a través de actividades cooperativas e do desenvolvemento de proxectos artísticos interdisciplinares, así como a creación de sinerxías entre alumnado procedente de dous ámbitos culturais diferentes.

5. Obxectivos, destinatarios e avaliación do programa

O obxectivo xeral deste programa é por en valor o papel da formación no ámbito artístico e do deseño que leva a cabo a través das EASD. Para iso, terase como referente a relevancia da figura de Picasso e porase ao mesmo nivel de recoñecemento o seu período académico, no que xa demostra un talento sobresaínte.

Organiza



Colaboran



ESCOLA DE ARTE E
SUPERIOR DE DESEÑO
PABLO PICASSO



Obxectivos específicos	Accións	Destinatarios	Indicadores
Fomentar a participación do alumnado en ACF	Organización de conferencias	Alumnado, profesorado, público xeral	Nº de participantes
	Organización de talleres	Alumnado	Nº de obras realizadas
Potenciar a realización de proxectos interdisciplinares	Elaboración de actividades	Profesorado	Nº de actividades expostas
Incrementar a notoriedade das EASD no ámbito cultural	Difusión do programa e das actividades organizadas	Público xeral	Nº de interaccións en medios sociais

6. Plan de traballo

Sede EASD Pablo Picasso – A Coruña			
Luns 17/04/23	Martes 18/04/23	Mércores 19/04/23	Xoves 20/04/23
Mañá	Mañá	Mañá	Mañá
	10h: Benvida 10.30h: Presentación oficial 11-14h: Taller (1ª sesión)	10-12h: Taller (3ª sesión) 12:30h: Ruta Picasso	Libre
	Mediodía	Mediodía	Mediodía
	Libre	Libre	Libre
Tarde	Tarde	Tarde	Tarde
Desprazamento Málaga→ A Coruña.	16-19 h: Taller (2ª sesión)	18:30h: Visita Expo Museo Belas Artes	Desprazamento A Coruña→ Málaga

Sede EASD San Telmo - Málaga			
Luns 24/04/2023	Martes 25/04/2023	Mércores 26/04/2023	Xoves 27/04/2023
Mañá	Mañá	Mañá	Mañá
	10h: Benvida 10.30h: Presentación oficial 11-14h: Taller (1ª sesión)	10-12h: Taller (3ª sesión) 12:30h: Ruta Picasso	Libre
	Mediodía	Mediodía	Mediodía
	Libre	Libre	Libre
Tarde	Tarde	Tarde	Tarde
Desprazamento A Coruña→ Málaga	16-19 h: Taller (2ª sesión)	Libre	Desprazamento Málaga→ A Coruña.

Organiza



Colaboran



7. Formulación dos talleres e resultados previstos do programa

Os talleres levados a cabo polo alumnado de ambas as escolas virarán ao redor da obra de Pablo Picasso.

Na sede de Málaga, o traballo tratará sobre a reinterpretación dunha obra do artista homenaxeado, na que o alumnado poderá plasmar unha nova visión da mesma co obxectivo de reproducila nos talleres de serigrafía da EASD San Telmo.

Na sede coruñesa, a EASD Pablo Picasso, o alumnado traballará cos conceptos habituais da obra de Picasso (xeometrías, planos, touro, pomba...) de maneira que, a través das distintas disciplinas formativas, produciranse obras coa técnica de colaxe sobre algún deses conceptos. Ao tratarse dunha técnica versátil, poderá dar como resultado desde pezas máis plásticas ou corpóreas a outras de carácter dixital e multimedia.

Unha vez rematado o programa, as obras realizadas por parte do alumnado de ambas as escolas quedarán expostas en cada unha das sedes. Ademais, a través das conferencias (que estarán abertas ao público ata completar aforamento) farase difusión sobre aspectos menos coñecidos da figura de Picasso, como foi a súa etapa formativa en Coruña e a relevancia que tivo en toda a súa obra posterior.

8. Plan de difusión

A difusión do desenvolvemento e resultados do Programa MA\CO realizarase a través de medios propios e externos. Entre os medios propios que se empregarán figuran a comunicación en redes sociais, páxina web e a realización de presentacións. Por outra banda, co propósito de acadar difusión e impacto en medios de comunicación xeralistas e especializados enviaranse notas de prensa e invitacións institucionais.

As persoas participantes no programa aceptan que a súa imaxe, así como a das obras producidas sexan reproducidas nos devanditos medios.

9. Coordinación do programa

Sede EASD Pablo Picasso

Antía Salgado Mesa (Vicedirectora EASD Pablo Picasso)

Elena Iglesias Rodríguez (Xefa de Departamento Ensinos Superiores Deseño Gráfico)

Sede EASD San Telmo

Victoria Abón Cabrera (Vicedirectora EASD San Telmo)

Diego Carracedo Constenla (Docente Departamento Deseño Gráfico)

Organiza



Colaboran



10. Solicitude de participación do alumnado

Este programa de dúas semanas está aberto á participación de todo o alumnado da Escola, ata cubrir as 16 prazas dispoñibles.

10.1 Que implica a participación no programa?

Aquel alumnado interesado en participar no programa MA\CO comprométese a asistir e realizar todas as actividades previstas en ambas as sedes, polo que deberán estar temporalmente dispoñible para facelo.

Por unha banda, acudirá á sede da EASD San Telmo en Málaga, para descubrir a cidade natal de Picasso e a escola na que o seu pai foi mestre.

E, por outra, participará nas actividades previstas na EASD Pablo Picasso durante a estancia do alumnado de Málaga na Coruña.

10.2 Que inclúe o Programa MA\CO?

O alumnado participante terá incluído:

- Viaxe en avión ata a sede de Málaga. É requisito imprescindible dispor da documentación legal necesaria para viaxar en avión (DNI/pasaporte en vigor).
- Aloxamento hoteleiro en habitación dobre con media pensión (almorzo e cea).
- Seguro de viaxe.
- Material para o desenvolvemento dos obradoiros.

10.3 Como solicito participar no programa MA\CO?

O alumnado interesado en participar no programa MA\CO deberá presentar unha proposta de proxecto (en fase de borrador ou ideación) baseada nunha das dúas temáticas previstas nas sedes de participación, descritas no punto 7 deste documento. A proposta pódese formular individualmente, por parellas ou en grupo de catro persoas. Os grupos poden estar formados por alumnado da mesma especialidade formativa ou ser interdisciplinares.

A extensión desta proposta non excederá de 10 páxinas e deberá incluír:

1. Portada: Inclúe o nome do programa, o nome e apelidos dos/as autores e das especialidades formativas que cursan na Escola.
2. Xustificación da proposta: idea ou esbozo da proposta que se desenvolverá nos obradoiros previstos e a súa xustificación. Non se pide un remate final da actividade, senón unha explicación xustificada do traballo que se vai desenvolver, cun acompañamento visual mínimo, para que se poida apreciar o mellor posible a proposta presentada.
3. Carta de motivación para a participación no programa.

A proposta deberá enviarse a: escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.gal

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA DE ARTE E
SUPERIOR DE DESEÑO
PABLO PICASSO



PABLO
PICASSO
EASD



ESCUELA
DE ARTE
SAN TELMO

10.4 Como se avaliarán as propostas?

Para a valoración das propostas, designarase unha comisión integrada pola Dirección e catro docentes, que terán en conta os seguintes aspectos:

1. Orixinalidade e creatividade da proposta: ata 6 puntos.
2. Xustificación da proposta: ata 2 puntos.
3. Motivación para participar: ata 2 puntos.
4. Interdisciplinariedade dos membros do grupo (se é o caso): ata 1 punto extra.

A puntuación será a media das cualificacións de cada persoa integrante da comisión. A adxudicación das prazas de participación será definitiva e será comunicada por correo ou teléfono ás persoas seleccionadas.

11. Solicitude de participación do profesorado

Este programa de dúas semanas está aberto á participación de todo o profesorado da Escola, ata cubrir as catro prazas dispoñibles.

11.1 Que implica a participación no programa?

Aquel profesorado interesado en participar no programa MA\CO comprométense a axudar e colaborar no desenvolvemento óptimo de todas as actividades previstas en ambas as sedes, polo que deberán contar con dispoñibilidade temporal para facelo. Por unha banda, acudirá á sede da EASD San Telmo en Málaga para coñecer a cidade de nacemento de Picasso, e a Escola na que o seu pai foi mestre. E, por outra, participará nas actividades previstas na EASD Pablo Picasso durante a estancia do alumnado de Málaga na Coruña.

Un dos catro participantes asumirá a representación da Escola nos actos que o requiran.

11.2 Que inclúe o Programa MA\CO?

O profesorado participante terá incluído:

- Viaxe en avión ata a sede de Málaga. É requisito imprescindible dispor da documentación legal necesaria para viaxar en avión (DNI/pasaporte en vigor).
- Aloxamento hoteleiro en habitación individual con media pensión (almorzo e cea).
- Seguro de viaxe.

11.3 Como solicito o programa MA\CO?

Para solicitar formalmente a participación, debes enviar un correo electrónico ao enderezo da Escola (escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.gal) ou comunicar verbalmente o teu interese en participar.

Organiza



Colaboran



11.4 Como se avalían as solicitudes?

No caso de haber máis solicitudes que prazas, a asignación dependerá das especialidades formativas que curse o alumnado seleccionado. Polo tanto, terán prioridade aqueles profesores cuxos alumnado participe no programa.

A Coruña, marzo de 2023

Organiza



Colaboran

